



Plan de Melloras 2016

Universidade de Santiago de Compostela

(Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2016)

Índice

1	Introdución.....	3
2	Accións de mellora por ámbitos de actuación	4
1.2	Ámbito Xestión Institucional	4
1.2.1	Harmonización na xestión e cooperación institucional nos títulos interuniversitarios .	4
1.2.2	Internacionalización.....	5
1.2.3	Sistemas de Garantía Interna da Calidade	6
1.3	Ámbito Relación co Contorno	7
1.3.1	Difusión e información á sociedade.....	7
1.4	Ámbito das Persoas	8
1.4.1	Persoal Docente e Investigador	8
1.4.2	Persoal de Administración e Servizos	9
1.4.3	Alumnado	9
1.5	Ámbito Actividade Universitaria	9
1.5.1	Protocolo de actuacións para as comisións integrantes dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade.....	9
1.5.2	Resultados da aprendizaxe	10
3	Plan de melloras.....	12

1 Introducción

No marco do establecemento e implantación dunha sistemática que permita dar resposta á Programación Plurianual da USC, mediante un ciclo de mellora continua, á vez que se contemplan nas actividades de xestión aquelas encamiñadas a corrixir áreas de mellora detectadas nos procesos de seguimento e acreditación dos títulos, elabórase o Plan de Melloras da USC para o 2016 (en adiante, PM), que substitúe ao Plan de Calidade. Este plan trata de cumprir un triplo obxectivo:

1. Servir de apoio á Programación Plurianual da USC para o período 2015-2018 (en adiante, PP), concretando as accións específicas a levar a cabo durante a vixencia do mesmo.
2. Deseñar as melloras derivadas da revisión do Plan Estratéxico da USC 2011-2020 (en adiante, PE) para o período 2016-2020.
3. Apoiar os procesos de seguimento e acreditación de títulos con accións de mellora centralizadas.

As accións de mellora (en adiante, AM) recollidas neste PM para a anualidade de 2016 preséntanse distribuídas de acordo cos ámbitos de actuación definidos no PE da USC: Xestión Institucional, Relación co Contorno, Persoas e Actividade Universitaria.

Previamente, o 6 de novembro de 2015, a Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno, aprobou as liñas xerais do Plan de Mellora. Este documento contiña as áreas de mellora detectadas nos procesos de acreditación e seguimento do curso 2014/2015, pero considerouse necesario esperar a ter a retroalimentación das Memorias de calidade aprobadas polos centros para completar o Plan de Melloras.

Cabe salientar que unha das accións de mellora planificadas inicialmente era “facilitar información sobre o abandono potencial anticipándose á finalización do curso académico”. A Área de Calidade deseñou e distribuíu entre os centros, un informe de abandono potencial ao remate do 1º semestre. Ademais, intégrase dentro da información dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade, polo que se considera executada a acción e xa non figura no Plan de Melloras 2016 definitivo.

Para cada acción establecida, detállase a análise da causa, describindo a proposta a implementar e as responsabilidades, incluíndo á súa vez os correspondentes indicadores para o seu seguimento.

2 Accións de mellora por ámbitos de actuación

Nesta sección recolleranse as accións de mellora a levar a cabo durante o 2016, distribuídas seguindo os ámbitos de actuación e liñas estratéxicas do PE.

1.2 Ámbito Xestión Institucional

1.2.1 Harmonización na xestión e cooperación institucional nos títulos interuniversitarios

A unificación e/ou a harmonización coas outras Universidades do SUG para avanzar de cara á correcta planificación das ensinanzas mediante un reforzo dos mecanismos de coordinación en todos os niveis da titulación, faise necesario no relativo a:

- **Xestión académica e administrativa nos mestrados:** calendarios de preinscrición e matrícula nas titulacións, especialmente nas interuniversitarias, e admisión de estudantes. Ten especial relevancia a necesidade de adiantar o calendario de preinscrición e matrícula para que a demanda non se limite ó alumnado que non foi aceptado noutros títulos e captar a presenza de alumnado de outras universidades e, por outra parte, evitar que se incorpore alumnado unha vez empezado o curso académico.
- **Plataforma de docencia virtual:** débese articular un mecanismo para o alumnado de títulos interuniversitarios teñan acceso ás plataformas.
- **Avaliación da satisfacción coa docencia:** posibilidade de que os estudantes poidan avaliar ao profesorado das outras universidades nas que se imparte o título (Títulos interuniversitarios), xa que existen diferentes sistemas de avaliación dos que resultan estatísticas diferentes.
- **Resultados/valores globais dos títulos interuniversitarios:** unificar os valores dos resultados dos títulos pois os resultados do título deben proporcionarse como globais e non os específicos de cada Universidade.

Acción de mellora (AM-01) – Xestión de títulos interuniversitarios

Breve descrición: impulsar un protocolo de funcionamento para títulos interuniversitarios que harmonice os procesos de admisión e matrícula, a xestión académica e administrativa, as transmisións de datos a nivel informático e a prestación de servizos. (Subtarefas: normativa académica, xestión de actas, Campus Virtual, outros servizos como Biblioteca).

Obxectivo: que os convenios interuniversitarios incorporen un protocolo de funcionamento que regule aspectos comúns para facilitar a xestión e a calidade do título, tanto para alumnado como para o profesorado.

Acción de mellora (AM-02) – Harmonizar a avaliación da satisfacción para ter resultados globais

Breve descrición: elaboración dun cuestionario de satisfacción único para títulos interuniversitarios.

Obxectivo: dispoñer de información global e uniforme para os títulos universitarios en relación coas avaliacións de satisfacción.

Acción de mellora (AM-03) – Resultados/valores globais dos indicadores en títulos interuniversitarios

Breve descrición: establecer un procedemento de transferencia de datos entre universidades para calcular os indicadores de forma global.

Obxectivo: dispoñer de resultados globais dos títulos interuniversitarios que permitan a análise e mellora do título, tanto de xeito global como nas sedes onde se imparte.

1.2.2 Internacionalización

A internacionalización do proceso formativo e o fomento da mobilidade de estudantes, PDI e PAS faise imprescindible por varios motivos que van desde a necesidade de captar alumnado á necesaria promoción da mobilidade dos distintos sectores.

- **Internacionalización dos procesos formativos:** débese reflexionar sobre a importancia de dar un pulo e promover a mobilidade, tanto do alumnado coma do PDI, procurando a participación de profesorado estranxeiro nas actividades formativas e extracurriculares que se oferten.
- **Mellora do sistema de rexistro da mobilidade** docente e investigadora do PDI.
- **Mellora na xestión e nos procedementos para o recoñecemento** de estudos cursados ao abeiro dos programas de intercambio.
- **Fomento da impartición da docencia en inglés** de cara á internacionalización dos títulos é tamén un tema esencial.

Acción de mellora (AM-04) – Promover a mobilidade de todos os colectivos

Breve descrición: no contexto actual no que a internacionalización é chave é importante promover a mobilidade entre os distintos colectivos.

Obxectivo: aumentar a mobilidade en todos os colectivos, especialmente entre o alumnado e o Persoal Docente e Investigador.

Acción de mellora (AM-05) – Mellora do sistema de rexistro da mobilidade docente e investigadora

Breve descrición: é necesario definir os tipos de mobilidade que se queren facilitar e onde se rexistran para unificar as bases de datos e dispoñer deles para a toma de decisións e os procesos de seguimento de acreditación.

Obxectivo: mellorar o sistema de rexistro da mobilidade docente e investigadora

Acción de mellora (AM-06) – Melloras no sistema de recoñecementos de estudos ao abeiro de programas de intercambio

Breve descrición: cómpre mellorar o sistema de recoñecemento de estudos para axilizar o tratamento dos expedientes de intercambio.

Obxectivo: axilizar os mecanismos de recoñecemento de estudos cando o alumnado realiza programas de intercambio.

Acción de mellora (AM-07) – Fomentar impartición de docencia en inglés

Breve descrición: estudar as medidas necesarias para fomentar a impartición de docencia de inglés

Obxectivo: aumentar a docencia en inglés para mellorar as competencias do alumnado e promover a internacionalización dos títulos.

1.2.3 Sistemas de Garantía Interna da Calidade

O correcto funcionamento dos Sistemas de Garantía Interna da Calidade e dos grupos de interese neles implicados, asegura o ciclo de mellora continua:

- **Implicación dos distintos grupos de interese na implantación do SGIC:** tratarase de potenciar a cultura de calidade entre o alumnado e así dispoñer de datos de satisfacción sistemáticos e inmediatos a fin de detectar situacións anómalas e implementar medidas correctoras ao antes posible.
- **A Aplicación de Axuda ao Sistemas de Xestión:** solicítase formación específica para os membros da dirección do centro e ou persoal de servizos implicado no desenvolvemento do SGIC, para poder poñer en uso a aplicación de calidade proporcionada pola USC. O obxectivo sería incrementar de xeito notable a utilización da ferramenta informática posta a disposición dos centros pola universidade para desenvolver axeitadamente o sistema de calidade. O traballo das comisións e as actividades implicadas no SGIC deben quedar reflectidas en actas.
- **Resultados:** evidénciase a preocupación por lograr a redución das taxas de abandono mediante a análise das posibles causas do seu incremento en determinados títulos así como de incrementar os indicadores de éxito do título mediante una atención máis personalizada ao alumnado e a mellora da calidade do ensino das materias.
- **Enquisas:** débese incrementar a participación dos estudantes e profesorado no relativo ás taxas de respostas das enquisas de valoración da actividade docente e de satisfacción adoptando unha postura máis activa por parte dos centros para promover a participación dos estudantes e profesores nas enquisas de valoración e satisfacción. Hai que fomentar tamén a participación de titores externos porque poden dar información sobre a adquisición de competencia: revisar cuestionario que se lles fai.

Acción de mellora (AM-08) – Potenciar a cultura da calidade

Breve descrición: realizar obradoiros/charlas para concienciar sobre a importancia e utilidade do SGIC. (esta acción está ligada á AM-10)

Obxectivo: fomentar e potenciar a cultura da calidade entre os diferentes grupos de interese dos Sistemas de Garantía Interna da Calidade en facultades e escolas.

Acción de mellora (AM-09) – Formación para PDI e PAS na ferramenta de Axuda aos Sistemas de Xestión

Breve descrición: *é preciso integrar nos Plans de Formación do persoal da USC a formación necesaria para a ferramenta de xestión do ámbito da calidade.*

Obxectivo: mellorar o uso da ferramenta para facilitar a xestión administrativa derivada dos Sistemas de Garantía Interna da Calidade así como asegurar que se emprega de xeito eficaz para a toma de decisións.

Acción de mellora (AM-10) – Fomentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e a retroalimentación dos resultados das enquisas

Breve descrición: *está acción desenvolverá varias tarefas: difusión das diferentes enquisas aos diferentes grupos de interese avisando con suficiente antelación aos centros; facilitar medios e tempo ao alumnado para aumentar a participación; elaboración de informes de resultados das enquisas para retroalimentar os diferentes colectivos.*

Obxectivo: aumentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e mellorar a difusión dos resultados para promover a cultura da calidade.

1.3 Ámbito Relación co Contorno

1.3.1 Difusión e información á sociedade

- **Mellorar a difusión da información pública** dos títulos nas páxinas web:
 - Os valores dos resultados dos títulos
 - Garantir que tódalas guías docentes das materias se poidan consultar de xeito completo.
 - Debe constar a mesma información nas páxinas web das distintas universidades/centros que imparten o mesmo título. Corresponde ás institucións a tarefa de unificar a información, revisala e mantela actualizada.
 - Débese completar a información que figura na páxina web sobre o profesorado que imparte docencia nos títulos (categoría, áreas de investigación, etc.)
- **A demanda do título é reducida** en determinados títulos, o que constitúe unha ameaza para a súa supervivencia, débense analizar as causas e establecer un plan sistematizado de difusión deses títulos para a captación de alumnado que eleve esa taxa.

Acción de mellora (AM-11) – Mellora da información pública dos títulos nas páxinas web

Breve descrición: *a posta en marcha da nova web da USC debe considerar a información pública mínima que deben ter todos os títulos e poñela a disposición dos colectivos interesados dunha forma sinxela e entendible.*

Obxectivo: dar maior visibilidade á información pública e, en especial, a aquela que poida resultar importante para a toma de decisións do alumnado.

Acción de mellora (AM-12) – Plans de captación para títulos con demanda reducida

Breve descrición: nos títulos en que a demanda é moi reducida deben levarse a cabo as accións necesarias para que aumente, a través de plans de captación específicos.

Obxectivo: aumentar a demanda en títulos con baixa matrícula de novo ingreso

1.4 Ámbito das Persoas

1.4.1 Persoal Docente e Investigador

- **Recoñecemento da carga de traballo do profesorado:** recoñecemento axustado á carga real de traballo que supón para o profesorado a titorización dun TFM/TFG e das prácticas así como a necesidade de incrementar as horas de dedicación do coordinador académico.
- **Accións formativas,** especialmente para o persoal docente, dirixidas a fomentar o emprego e coñecemento das plataformas de ensinanza virtual. Resulta preciso adaptar os medios materiais á nova metodoloxía das ensinanzas e a formación do profesorado na utilización desas tecnoloxías. Debe intensificarse a utilización das plataformas de ensinanza virtual e incorporar docentes ao seu uso, fomentando o seu uso para actividades de ensinanza-aprendizaxe e non só como repositorio documental das materias.
- **Fomentar a participación do PDI da titulación no Programa institucional “A Ponte”,** ofrecendo charlas sobre temas que poidan captar o interese do alumnado de secundaria, programar actividades formativas para mellorar os sistemas de apoio e orientación ós estudantes e mellorar as xornadas de acollida.

Acción de mellora (AM-13) – Revisión do recoñecemento da carga de traballo de TFG/TFM e prácticas

Breve descrición: á vista dos diferentes informes de seguimento e acreditación, a carga de traballo que supoñen os TFG/TFM non está ben recoñecida polo que compre analizar e determinar as horas lectivas que correspondan.

Obxectivo: recoñecer a carga real de traballo que supón a titorización de TFG/TFM

Acción de mellora (AM-14) – Aumentar as actividades do PFID destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual

Breve descrición: resulta preciso adaptar os medios materiais á nova metodoloxía das ensinanzas e a formación do profesorado na utilización desas tecnoloxías. Debe intensificarse a utilización das plataformas de ensinanza virtual e incorporar docentes ao seu uso, fomentando o seu uso para actividades de ensinanza-aprendizaxe e non só como repositorio documental das materias.

Obxectivo: aumentar o uso das plataformas de ensinanza virtual como instrumentos de ensinanza-aprendizaxe.

1.4.2 Persoal de Administración e Servizos

- **Integrar a xestión de tarefas administrativas** relacionadas cos títulos de máster na estrutura administrativa dos centros.

Acción de mellora (AM-15) – Integrar a xestión de tarefas administrativas de todos os títulos que se impartan nun centro

Breve descrición: a estrutura administrativa dos centros debe dar cobertura a todos os procesos relacionados coa docencia e a todos os estudos impartidos no centro.

Obxectivo: integrar a xestión administrativa dos títulos de máster na estrutura administrativa dos centros.

1.4.3 Alumnado

- **Mellorar os sistemas de acollida** do novo alumnado para que coñezan aspectos como a existencia de **procedemento de suxestión e queixas**.

Acción de mellora (AM-16) – Mellorar os sistemas de acollida de novo alumnado

Breve descrición: o alumnado descoñece aspectos da vida diaria da universidade como a existencia dun procedemento de suxestión e queixas. Cómpre fomentar as Guías do alumnado e asegurar que estes contidos forman parte da formación que reciben os alumnos titores.

Obxectivo: mellorar a información e os servizos dos que dispón o alumnado da USC.

1.5 Ámbito Actividade Universitaria

1.5.1 Protocolo de actuacións para as comisións integrantes dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade

As Comisións de avaliación ao longo do procedemento de renovación da acreditación, detectaron incoherencias entre as Memorias verificadas dos títulos e o desenvolvemento real destes e incluso nalgúns casos modificacións substanciais con respecto ás condicións establecidas na Memoria verificada.

As desviacións máis recorrentes, sinaladas pola comisións avaliadoras, son en relación a: modalidade de impartición, sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, o número de créditos ECTS en algunhas materias, as guías ou programacións docentes das materias, a lingua de impartición...

Entre as actividades a realizar polas comisións de título e polas comisións de calidade dos centros, debe figurar a revisión dos aspectos que se establecen na memoria verificada no título, para comprobar que se axusta á implantación e desenvolvemento real.

Establecerase un protocolo que distribúa as actividades relacionadas cos Sistemas de Garantía Interna de Calidade para que as comisións velen pola implantación e mellora continua dos títulos impartidos nos centros.

Acción de mellora (AM-17) – Establecer un protocolo de actuación dos órganos de seguimento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade que distribúa claramente as actividades a realizar, de acordo cos procesos establecidos no Manual do sistema.

Breve descripción: Á vista da acreditación do 14/15 o problema coas incoherencias entre a memoria verificada e o desenvolvemento actual do título ten un carácter recorrente.

Obxectivo: Facilitar información aos órganos de seguimento dos SGIC ,para que teñan un calendario de actividades do sistema que axude a detectar posibles desviacións entre as memorias verificadas e a implantación dos título, así como calquera outra área de mellora.

1.5.2 Resultados da aprendizaxe

- **Seguimento continuo e global sobre a adquisición de competencias**, prestando especial atención ás competencias transversais e aquelas máis valoradas polos empregadores/as. Fomentar a participación de egresados nas enquisas para ter resultados sobre adquisición de competencias.
- **Elaboración dun modelo de guía docente ou programa** que inclúa información relativa ás competencias concretas e a súa avaliación.
- **Incorporar como indicador de resultados de aprendizaxe** a porcentaxe de egresados/as que se matriculan nun doutoramento e os que finalmente logran defender con éxito unha tese doutoral para másteres con orientación investigadora.

Acción de mellora (AM-18) – Seguimento continuo e global sobre a adquisición de competencias

Breve descripción: A ACMP recolleu información sobre as formas de fomentar a participación nas enquisas de egresados. A partir desta información, cómpre elaborar unha guía das accións de máis éxito para o aumento da participación.

Obxectivo: dispoñer de información representativa sobre a adquisición de competencias a través dos diferentes cuestionarios.

Acción de mellora (AM-19) – Elaboración dun modelo de guía docente ou programa

Breve descripción: é necesario que se inclúan os sistemas de avaliación das competencias que adquire o alumnado en cada materia e de xeito global no título, para o que parece oportuno elaborar un modelo de guía docente.

Obxectivo: mellorar a información que ten o alumnado sobre as competencias que debe adquirir e o seu sistema de avaliación.

Acción de mellora (AM-20) – Incorporar como indicador de resultados de aprendizaxe para mestrados de orientación investigadora o número de egresados que defenden a tese nun PD que continúe ese mestrado

Breve descrición: nos másteres de orientación investigadora debe achegarse información sobre o número de titulados que defenden a tese nun Programa de Doutoramento que continúe ese título, xa que non existe información de inserción laboral.

Obxectivo: mellorar a información dispoñible sobre os títulos de máster de orientación investigadora.

3 Plan de melloras

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 1 - Xestión de títulos interuniversitarios
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Dos informes de seguimento e dos informes de renovación da acreditación, extráese a necesidade de realizar un reforzo dos mecanismos de coordinación en todos os niveis das titulacións. A demanda desta coordinación é especialmente importante no caso dos títulos interuniversitarios.
		Definición/descrición proposta	Impulsar a creación dun protocolo de funcionamento para títulos interuniversitarios que harmonice os procesos de admisión e matrícula, a xestión académica e administrativa, as transmisións de datos a nivel informático e a prestación de servizos.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
Data inicio	Xaneiro de 2016		
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Coordinadores/as dos títulos interuniversitarios da USC	
Tarefa 1	Código	AM 1.1	
	Descrición tarefa	Estudo da posibilidade de harmonizar a normativa de xestión académica (admisión, permanencia...) e os prazos derivados dela.	
	Data prevista de	Decembro 2016	

	finalización	
Tarefa 2	Código	AM 1.2
	Descrición tarefa	Estudar as diferentes posibilidades en relación coa xestión informática de matrícula, actas, acceso a Campus Virtual...
	Data prevista de finalización	Decembro de 2016
Indicadores		Protocolo de actuacións dos títulos interuniversitarios Número de títulos interuniversitarios que subscriben o protocolo
Finalización	Estado	En execución
	Data estado	--
	Comprobación	--
	Data comprobación	--

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 2 – Harmonizar a avaliación da satisfacción para ter resultados globais que poidan ser facilmente interpretables
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Os diferentes sistemas de avaliación aplicados en cada universidade dificultan a obtención de información comparable.
		Definición/descripción proposta	Elaboración dun cuestionario de satisfacción único para títulos interuniversitarios co obxectivo de dispoñer de información global e uniforme para os títulos universitarios en relación coas avaliacións de satisfacción.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Outras universidades	
Indicadores		Núm. de cuestionarios interuniversitarios con resultados globais a disposición dos títulos interuniversitarios	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 3 – Resultados/valores globais dos indicadores en títulos interuniversitarios
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Para os procesos de seguimento e acreditación, é necesario dispoñer de resultados globais dos títulos interuniversitarios que permitan a análise e mellora do título, tanto de xeito global como nas sedes onde se imparte.
		Definición/descripción proposta	Establecer un procedemento de transferencia de datos entre universidades para calcular os indicadores de forma global.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Outras universidades	
Indicadores		Núm. de indicadores calculados con datos de todas as sedes onde se imparte o título	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	

	Data comprobación	
--	--------------------------	--

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 4 – Promover a mobilidade de todos os colectivos
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	No contexto actual é fundamental a internacionalización dos procesos formativos, promovendo a mobilidade entre os diferentes colectivos.
		Definición/descrición proposta	Promover a mobilidade, especialmente entre o alumnado e o PDI tanto saínte como entrante a través da sinatura dun maior número de convenios de mobilidade (co obxectivo de aumentar un 10% as prazas ofertadas), mellorar a participación da USC nos programas internacionais de mobilidade e difundir mellor os convenios existentes, para mellorar a mobilidade saínte global nun 5%
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
Tarefa 1	Código	AM 4 .1	
	Descrición tarefa	Procurar a participación do profesorado estranxeiro nas actividades formativas e extracurriculares que se oferten	
	Data prevista de finalización	Decembro 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Internacionalización Servizo de Relacións Exteriores Área TIC	

Indicadores		<p>a) IN17-PC-08 Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados</p> <p>b) Núm. e porcentaxe de profesorado que participa en programas de mobilidade sobre o total de profesorado da USC</p>
Finalización	Estado	En execución
	Data estado	--
	Comprobación	--
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 5 – Mellora do sistema de rexistro da mobilidade docente e investigadora
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	É necesario dispoñer de información sobre a mobilidade docente e investigadora, para ser empregada na toma de decisións e nos procesos de seguimento e acreditación.
		Definición/descrición proposta	Definir un protocolo de rexistro de mobilidade docente e investigadora e asumir o rexistro de investigadores saíntes.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Internacionalización Vicerreitoría de Investigación e Innovación SXOPRA Servizo de Relacións Exteriores ÁREA TIC	
Indicadores		Rexistros creados de persoal docente e investigador	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	

	Data comprobación	--
--	--------------------------	----

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 6 – Mellora do sistema de recoñecemento de estudos ao abeiro de programas de intercambio
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	A xestión dos recoñecementos cando o alumnado participa nun programa de intercambio é complexa , provocando en moitas ocasións que se dilate o proceso de imputación no expediente.
		Definición/descrición proposta	Determinar as áreas de mellora na xestión dos expedientes de intercambio e establecer as actuacións necesarias para axilizar o recoñecemento de contidos de intercambio, incluída unha mellora das aplicacións informáticas existentes
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Internacionalización Secretaría Xeral Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos Servizo de Relacións Exteriores Servizo de Xestión Académica Área TIC	
Indicadores		Non se contemplan	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	

	Data comprobación	--
--	--------------------------	----

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM - 7 - Fomentar a impartición de docencia en inglés e portugués
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	No contexto actual, cómpre aumentar a docencia impartida en inglés para mellorar as competencias do alumnado e promover a internacionalización dos títulos.
		Definición/descripción proposta	Estudas as medidas necesarias para desenvolver un plan de incremento da lingua inglesa e portuguesa na docencia. Formular un estudo de necesidades e de demanda en outros idiomas distintos ao inglés e ao portugués.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Internacionalización Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa Vicerreitoría de Organización Académica e PDI	
Indicadores de seguimento		Non se contemplan	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 8 –Potenciar a cultura da calidade
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Precísase unha maior implicación de todos os grupos de interese no desenvolvemento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade dos centros da USC.
		Definición/descripción proposta	Realizar actividades formativas, especialmente entre o alumnado, para concienciar sobre a utilidade e importancia dos Sistemas de Garantía de Calidade.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Número de actividades formativas realizadas	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 9 –Formación para PDI e PAS na ferramenta de Axuda aos Sistemas de Xestión
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	É preciso mellorar o uso da ferramenta para facilitar a xestión administrativa derivada dos SGIC así como asegurar que se emprega de xeito eficaz para a toma de decisións.
		Definición/descrición proposta	Integrar nos Plans de Formación do persoal da USC a formación necesaria para a ferramenta de xestión do ámbito da calidade.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Febreiro de 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
Indicadores de seguimento		Número de persoas que realizaron a formación do total de persoas aos que ía dirixido	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 10–Fomentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción e a retroalimentación dos resultados das enquisas (relacionada coa AM-8)
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Debido á baixa participación nas enquisas cómpre aumentar a participación dos diferentes colectivos e mellorar a difusión dos resultados para promover a cultura da calidade
		Definición/descripción proposta	Poñer a disposición dos centros un informe que detalle o alumnado que non se presentou a ningún crédito dos matriculados despois da oportunidade do 1º semestre.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Facultades e Escolas	
Tarefa 1	Código	AM 10 .1	
	Descrición tarefa	Difusión das diferentes enquisas aos grupos de interese avisando con suficiente antelación aos centros	
	Data prevista de finalización	Execución continua	

Tarefa 2	Código	AM 10.2
	Descrición tarefa	Facilitar os medios e tempo ao alumnado para aumentar a participación
	Data prevista de finalización	Decembro 2016
Tarefa 3	Código	AM 10.3
	Descrición tarefa	Elaboración de informes de resultados das enquisas para dar información aos diferentes colectivos aos que van dirixidas
	Data prevista de finalización	Decembro 2016
Indicadores de execución		Evolución das porcentaxes de participación por enquisa
Finalización	Estado	En execución
	Data estado	--
	Comprobación	--
	Data comprobación	--

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 11 –Mellora da información pública dos títulos nas páxinas web
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Cómpre dar maior visibilidade á información pública e, en especial, a aquela que resulte de interese para a toma de decisións do alumnado.
		Definición/descrición proposta	A posta en marcha da nova web da USC debe considerar a información pública mínima que deben ter todos os títulos e poñela a disposición dos colectivos interesados de forma sinxela.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Oficina Web Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores		Non se contemplan	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 12 –Plans de captación para títulos con demanda reducida
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	É necesario aumentar a demanda en títulos con baixa matrícula de novo ingreso, para dar cumprimento ao Decreto 222/2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as normas de desenvolvemento.
		Definición/descripción proposta	Establecer plans de captación específicos para aqueles títulos con demanda moi reducida.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Programa A Ponte Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Evolución da matrícula de novo ingreso dos títulos con demanda reducida	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 13 – Revisión do recoñecemento da carga de traballo de TFG/TFM e prácticas
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Á vista dos diferentes informes de seguimento e acreditación, a carga de traballo que supoñen os TFG/TFM non está ben recoñecida polo que compre analizar e determinar as horas lectivas que correspondan.
		Definición/descrición proposta	Recoñecer a carga real de traballo que supón a titorización de TFG/TFM
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa
Indicadores		Número de horas recoñecidas ao profesorado pola titorización de TFG/TFM	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 14 –Aumentar as actividades do PFID destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Resulta preciso adaptar os medios materiais á nova metodoloxía das ensinanzas e a formación do profesorado na utilización desas tecnoloxías. Cómpre intensificarse a utilización das plataformas de ensinanza virtual fomentando o seu uso para actividades de ensinanza-aprendizaxe e non só como repositorio documental.
		Definición/descrición proposta	Reforzar as actividades do Plan de Formación e Innovación Docente destinadas ao emprego e coñecemento das ferramentas de ensinanza virtual.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe
Indicadores de seguimento		a) Número e evolución das actividades ofertadas dentro do PFID relacionadas co uso das tecnoloxías para a docencia b) Número e evolución das aulas abertas no Campus Virtual	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	

	Comprobación	--
	Data comprobación	--

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 15 –Integrar na estrutura dos centros a xestión de tarefas administrativas de todos os títulos que se impartan nel
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	A estrutura administrativa dos centros debe dar cobertura a todos os procesos relacionados coa docencia e a todos os estudos impartidos no centro.
		Definición/descrición proposta	Integrar a xestión administrativa dos títulos de máster na estrutura administrativa dos centros.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Xerencia Unidades de Apoio para a xestión de Centros e Departamentos	
Indicadores de seguimento		Non se contemplan	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 16 – Mellorar os sistemas de acollida de novo alumnado
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	O alumnado descoñece aspectos da vida diaria da universidade.
		Definición/descrición proposta	Fomentar a elaboración de Guías para o alumnado de cada centro e asegurar que eses contidos forman parte da formación que reciben os alumnos-titores. Organizar actos de acollida e recepción para os estudantes, agrupados por categorías (novo ingreso, estudantes de mobilidade entrante, ...)
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación Programa A Ponte Facultades e Escolas Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Indicadores de seguimento		Número de centros que dispoñen de guías de acollida para o alumnado de novo ingreso Número de actividades de acollida realizados	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	

	Data comprobación	--
--	--------------------------	----

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM - 17- Establecer un protocolo de actuación dos órganos de seguimento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Derivado dos procesos de acreditación, detectáronse incoherencias entre as Memorias Verificadas dos Títulos e o desenvolvemento actual.
		Definición/descripción proposta	Establecer un protocolo de actuación dos órganos de seguimento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade que distribúa claramente as actividades a realizar, de acordo cos procesos establecidos no Manual do sistema.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 18 –Seguimento continuo e global sobre a adquisición de competencias
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Para obter información continua sobre a adquisición de competencias, cómpre aumentar a participación na enquisa de egresados
		Definición/descrición proposta	Elaborar unha guía das accións para o aumento da participación que teñen máis éxito e darlle difusión entre os centros.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Facultades e Escolas	
Indicadores de seguimento		Porcentaxe de participación na enquisa de egresados	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 19 –Elaboración dun modelo de guía docente ou programa
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	É preciso que se inclúan os sistemas de avaliación das competencias que adquire o alumnado en cada materia e de xeito global no título
		Definición/descripción proposta	Elaborar un modelo de guía docente ou programa que inclúa as competencias que debe adquirir o alumno e o seu sistema de avaliación.
		Data prevista de finalización	31/12/2016
Data inicio	Marzo de 2016		
Responsables	Responsable da implantación	Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica	
Indicadores de seguimento		Non se contemplan	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM – 21 –Incorporar como indicador de resultados da aprendizaxe para mestrados de orientación investigadora o número de egresados que defenden a tese nun PD que continúe ese mestrado
		Tipo	Acción de Mellora
	Definición	Análise causa	Cómpre mellorar a información dispoñible sobre os títulos de máster de orientación investigadora.
		Definición/descrición proposta	Proporcionar información sobre o número de teses defendidas en PD que continúen ese título de máster
		Data prevista de finalización	31/12/2016
		Data inicio	Marzo de 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións
	Indicadores de seguimento		Número de títulos de máster con perfil investigador aos que se lles facilita este indicador
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado	--	
	Comprobación	--	
	Data comprobación	--	